



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Araújo Nespereira, Pedro A.
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
López Díaz, María
Pou Saracho, Juan María
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Martínez Cobas, Xabier
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula
Hernández Martín, Primo

ESTUDANTES:

Comesaña González, Brais
Pérez Traseira, Beatriz

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Gil Villanueva, José María
Pino Juste, Margarita

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 13 de xuño de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **13 de xuño de 2013**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de maio de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Informe do comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do Campus do Mar do primeiro semestre de 2013.
4. Aprobación, se procede, das declaracións de interese das titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/15, dos criterios para a elaboración das memorias e do procedemento para a solicitude de informe previo de envío a verificación.
5. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2012.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para estudantes da Universidade de Vigo en situacións de dificultades económicas sobrevidas para o curso académico 2013-14.
7. Aprobación, se procede, das medidas económicas para a xestión académica do curso 2013-14.
8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
9. Aceptación, se procede, da herdanza a beneficio de inventario de Dna. María Alicia Crespi.
10. Aprobación, se procede, do Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación.
11. Aprobación, se procede, da proposta de modificación das “Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo”, aprobadas no Consello de Goberno de 10 de maio de 2011.
12. Aprobación, se procedè, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Inorgánica.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de La Guajira* (Colombia) – Convenio marco de

colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Nacional Agraria Mykolayiv (Ucrania) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Nacional Agraria Mykolayiv (Ucrania) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo para o recoñecemento mutuo de estudos en: *Gestão de Políticas Públicas (Universidade de São Paulo)* e Dirección e Xestión Pública (Universidade de Vigo) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (E.U. de Estudos Empresariais) e a *Hochschule Bochum (Fachbereich Wirtschaft)* para a obtención da dobre titulación: Grado en Comercio e *Bachelor of Arts: International Business and Management* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Pau et des Pays de l'Adour* (Francia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Sul de Minas Gerais-IFSULDEMINAS*-(Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *IFSULDEMINAS* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional del Litoral* (Arxentina) para o intercambio de estudantes.

14. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de maio de 2013.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta dun erro no momento de transcribir un apelido. Di que xa está corrixida na acta.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma o reitor a palabra para dar conta das seguintes cuestións:

1. Temas tratados na reunión do Consello Galego de Universidades, que tivo lugar o día 16 de maio de 2013. Sinala que se abordaron cuestións de interese para as universidades galegas e, en especial, para a Universidade de Vigo:

a) Deuse conta da próxima aprobación da Lei do Sistema universitario galego polo Parlamento de Galicia, e que unha vez aprobada publicárase no DOG.

b) Fondo estrutural en que se fixan os criterios de cálculo e reparto do financiamento por resultados para os próximos anos. Sinala que, segundo o plan de financiamento variable as tres universidades se reparten sobre 37.100.000 de euros, que están en función de diversos indicadores. O reitor dá conta dos resultados e di que, de acordo cos 20 indicadores, a Uvigo leva unha porcentaxe importante, seguida de cerca pola USC. O reitor valora o reparto como positivo para a Uvigo; na súa opinión é indicativo de que o esforzo despregado pola comunidade universitaria comeza a visibilizarse alcanzando resultados obxectivos.

2. Conferencia de Política Universitaria: O tema principal virou en torno ás conclusións recollidas no documento, elaborado pola Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema

Universitario, titulado “Propostas para a reforma e mellora da calidade e eficiencia do sistema universitario español”. O reitor informa que aínda que polo momento o prioritario para o Ministerio de Educación é aprobar a LOMCE e o Estatuto do docente non universitario, aventúrase que o inicio das actuacións para emprender a reforma da universidade dea comezo nos próximos meses, posiblemente no primeiro semestre de 2014. O máis probable é que o Ministerio comece por establecer diálogos e negociacións cos distintos axentes implicados. O reitor dá conta, moi brevemente, dos cambios máis sobresalientes que se propoñen nas conclusións do documento e que supoñen unha mutación importante do sistema universitario público, para ese efecto destaca: as recomendacións para o cambio do sistema de goberno universitario (que afectan a elección do reitor, composición e funcións do Consello Universitario e Claustro) e de selección do profesorado e investigadores.

O reitor considera que é preciso facer un traballo de anticipación na CRUE.

Outras cuestións importantes do informe teñen que ver coa actuación do Ministerio de Facenda. Desde o seu punto de vista as accións que máis impactan na Universidade de Vigo, máis aló dos cambios normativos, gardan relación coas decisións e a interpretación que das mesmas fan os responsables do mencionado Ministerio. Ao seu xuízo as últimas actuacións, consistentes en interpoñer recursos de nulidade contra as convocatorias de prazas de contratado doutor previamente autorizadas polas consellerías competentes das CC.AA. de Aragón, Madrid ou Baleares, poñen en entredito as competencias das CC.AA. para autorizar prazas laborais e abren un novo fronte de negociación entre as CC.AA. e o Estado.

Continúa dicindo o reitor que outros puntos importante abordados na reunión do Consello Galego de universidades foron:

- Informe favorable sobre a creación das escolas de doutoramento do SUG (inclúe a da Universidade de Vigo)
- Informe favorable sobre a supresión do Grao en Consultoría e Xestión da Información.
- Información sobre a política de bolsas e axudas no SUG para o curso 2013/14 (mantense o seu financiamento por enriba dun 2%).

O reitor tamén dá conta de que con motivo do acto académico de entrega de premios fin de carreira, grao e doutorado do curso académico 2011-2012, foi invitado a impartir unha conferencia na Universidade de Vigo D. Pablo Amor, Director executivo do Consello Europeo de Investigación. ERCEA (European Research Council Executive Agency). Sinala que a visita foi aproveitada para manter unha xuntanza con investigadores na que expuxo os programas do ERC -Starting Grants, Consolidator Grants, Advanced Grants, Synergy Grants (para grupos) e Proof of Concept (axuda para probas de concepto aplicadas ás ideas desenvolvidas polos Starting Grants), así como os requisitos, procedementos de solicitude e avaliación.

Noutra orde de cousas o reitor dá conta do cambio de denominación da Área de deportes a Área de extensión universitaria, e que para ese efecto será nomeado como director de área o Prof. Miguel Ángel Nombela Castaño.

Dá conta da auditorías ás que se esta sometendo ás universidades públicas por parte do Tribunal de Contas, di que aínda que a nosa Universidade non foi aínda notificada xa se tivo acceso ao cuestionario. O reitor informa que se trata dunha táboa Excel con oito apartados diferentes, onde se pide información exhaustiva sobre tesoureira, obrigacións pendentes, persoal, xubilacións anticipadas, nóminas departamentos, docencia, investigación e organización. Indica, que na pestana de docencia non se conforman con pedir datos económicos, senón que preguntan cuestións relativas ao POD, máis aló do cómputo establecido polo chamado Decreto Wert. Hai unhas directrices claras para que sexa posible monitorizar a execución efectiva da normativa publicada.

Seguidamente, o reitor di que é preciso abordar o tema da rebaixa de retribucións. Sinala en primeiro lugar, que este asunto se considerou máis adecuado que fose abordado nun punto da orde do día no próximo Claustro, que terá lugar o día 17 de xuño.

O reitor le o comunicado conxunto das tres universidades galegas (**Anexo I**) para facer público un enérxico rexeitamento á rebaixa salarial imposta pola Xunta de Galicia, e recollida na Lei 2/2013, de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2013, aprobada polo Parlamento de Galicia e publicada non DOG o día 28 de febreiro de 2013. Sinala que cando se anunciou a medida de recorte, os reitores faloron cos partidos políticos con representación parlamentaria. Cando se aprobou aplicouse inmediatamente aos funcionarios dependentes da Xunta de Galicia e máis tarde chegou á universidade o documento cos criterios interpretativos sobre o axuste retributivo, previsto nos artigos 37 e 38 da lei de orzamentos xerais para o ano 2013. O reitor sinala, que aínda que hai un rexeitamento común e que o desacordo coa fórmula empregada para a rebaixa salarial sexa profundo, de fondo e de forma, todas as leis deben cumprirse e a súa aplicación aparece como inevitable; admitiu a necesidade de aplicar o axuste retributivo, pois canto máis se atrase a súa aplicación máis lesivo será para os traballadores e traballadoras.

Dá conta literal dos artigos mencionados da Lei 2/2013, de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. Cede a palabra ao xerente, para que expoña como se procederá a efectuar a redución das retribucións marcadas polo contido dos arts. 37 (custos de persoal das universidades de Galicia) e 38 (retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia), co obxecto de coñecer o alcance da mesma.

Toma a palabra o xerente expresando que, dende o profundo desacordo coas formulacións de base e as decisións do Goberno da Xunta de Galicia para liquidar a situación de déficit excesivo en que se atopa inmersa a Comunidade Autónoma, informa, aos efectos oportunos, de:

A Lei 2/2013 de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013, DOG nº 42 de 28 de febreiro de 2013, aprobada polo Parlamento de Galicia, indica na súa exposición de motivos que: *Durante 2013 proséguese con axustes importantes no gasto improdutivo e menos prioritario. Na medida en que os orzamentos precedentes reduciron á súa mínima expresión esta marxe, dito axuste ha de completarse cun esforzo especial en materia de persoal.*

Expón que a obrigatoriedade de reducir os gastos de persoal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concrétase no Título II, relativo aos gastos de persoal, que é onde se

detalla o xeito en que se vai a levar a cabo esta redución. No citado Título II as universidades galegas reciben unha atención específica, e nos tres artigos que contén (do 37 ao 39) se recolle:

- No artigo 37, apartado 1, establécese para a Universidade de Vigo un límite máximo de custo de persoal de 89.190.380 €, un 5,4% menos do que está e do que, no exercicio da súa autonomía universitaria, indicara nos seus orzamentos para 2013: 93.238.000 €. Isto implica unha minoración do límite de gasto en 4.173.080 €.

Engade, que a medida á súa vez establece que esta minoración debe aplicarse só sobre a masa salarial, ou o que é o mesmo, os custos de persoal menos as cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. Así:

a) O límite de gasto no artigo 16 do orzamento increméntase lixeiramente, pasando dos 11.850.000 euros, aprobados pola Universidade no seu orzamento para 2013, aos 11.975.000 euros establecidos na Lei de Orzamentos da Xunta.

b) O límite de gasto en masa salarial se minora dos 81.388.000 euros, aprobados pola Universidade no seu orzamento, aos 77.214.920 establecidos na Lei de Orzamentos da Xunta.

- No artigo 37, apartado 2, establécese que: *As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reduciranse nunha porcentaxe equivalente ao obtido da aplicación do indicado na letra d) do apartado un do artigo 21 da presente lei, sobre as retribucións íntegras anuais do persoal funcionario da Xunta de Galicia, debendo supoñer este axuste no seu conxunto un 5 % da masa salarial de cada entidade.*

O xerente expón que esta redacción implica que, necesariamente, a minoración debe facerse ata alcanzar o 5% sobre as retribucións dos traballadores, e a retribución dun traballador é a súa retribución bruta, sen prexuízo das posteriores reducións no líquido a percibir, tamén por mandato legal, por cota obreira, IRPF, etc. Engade que a mesma redacción tamén implica que as universidades só teñen marxe de autonomía para decidir onde aplicar o restante 0,4% da minoración e a condición de que esta se aplique sobre a masa salarial.

- No artigo 37, apartado 3, abórdanse dous aspectos:

a) Tense en conta a especial configuración do modelo retributivo do PAS e do PDI Funcionario, que é competencia estatal, ao indicar: *Dita redución aplicarase sobre os conceptos retributivos cuxa regulación non sexa de competencia estatal e acordarase ao amparo das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando o exercicio da autonomía universitaria.*

b) O lexislador decide aplicar a redución ao persoal financiado con fondos finalistas, fundamentalmente convenios e programas e proxectos de investigación, con independencia de quen sexa o financiador, ao indicar: *Esta redución será de aplicación a todo o persoal conforme ás retribucións íntegras anuais e con independencia da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria con que se financie.*

- No artigo 38, apartado 2, atendendo ao indicado con anterioridade, os redactores do documento orzamentario introducen un novo mandato, para garantir que as universidades

alcancen o límite máximo de custo de persoal establecido ao indicar que: *Sobre as anteriores contías (complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, no seu caso, correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor) practicaranse os axustes precisos para conseguir a redución sinalada no artigo 37.*

Remata o xerente dicindo que o disposto implica un mandato para que as universidades minoren adicionalmente o salario dalgúns dos seus traballadores, fundamentalmente PDI con maior grado de recoñecemento nos ámbitos docente, investigador e de xestión, para garantir que alcancen o límite máximo de custo de persoal establecido polo documento orzamentario da Xunta de Galicia

O reitor finaliza o informe e manifesta que esta cuestión tratarase en detalle o vindeiro luns no Claustro, o maior órgano de representación da comunidade universitaria, onde entre todos trataremos de buscar os mellores camiños posibles para defendernos de cara ao futuro.

Punto 3. Informe do comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do Campus do Mar do primeiro semestre de 2013.

O reitor cede a palabra ao Prof. Emilio Fernández, Comisionado do Campus do Mar. Antes de dar conta da Memoria do Campus do Mar do 1º semestre de 2013, informou sobre o proceso de creación da estrutura de gobernanza básica do Campus do Mar. Sinalou que adoptará a forma dun consorcio público privado e que o proxecto foi presentado ao consello reitor no mes de abril. No apartado de internacionalización, fixo referencia á presentación dunha exposición sobre o Campus do Mar, os días 18 a 21 de febreiro, en Bruxelas; destaca que á exposición asistiron un número importante de eurodiputados e outros membros do Parlamento Europeo. Destacou a visita de Dña. Elisa Roller, Directora da Unidade de política estrutural e análises económica da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueros da Comisión Europea. Outros asuntos importantes abordados en materia de coordinación do proxecto foron, por unha banda, a constitución da Rede CEI:MARNET, que busca coordinar accións e sinerxias entre os distintos campus de excelencia e sinerxias; e por outro, a firma do consorcio do polo portugués do Campus do Mar, que tivo lugar o 31 de maio en Matosinhos. O obxectivo deste consorcio é regular a participación das seis institucións portuguesas no Campus do Mar. A continuación foi explicando cada un dos apartados, con referencia especial ao programa de doutorado Marine, Sciences, Technology and Management (DO*MAR).

Terminada a exposición ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra o Prof. Rodríguez Berrocal para dicir que bota de menos unha exposición máis detallada sobre cifras relativas a ingresos, gastos e cadros de persoal do Campus do Mar. Engade que tendo en conta unha parte importante dos ingresos obtidos son un préstamo que ha de ser obxecto de devolución, cando se inicia o prazo.

Responde o Prof. Emilio Fernández que todos eses datos ofrécense coa aprobación dos orzamentos, pero que non ten inconveniente en ofrecer datos contables e facer un informe máis exhaustivo. Que o préstamo é de 5.300.000 €, a un interese do 1,3 %, e que hai que devolvelo nun prazo de 15 anos, partindo do ano que comeza, xa que tiña unha cadencia de 2 anos e que

esta devolución asúmea directamente a Uvigo, salvo aquelas cantidades que sexan utilizadas por outras institucións. Pero que quere subliñar que por cada euro que hai que devolver, o Campus do Mar foi capaz de captar fondos polo 2,3 % da devandita cantidade; que a cifra de resultados é relevante pero que debe incrementarse. Respecto do cadro de persoal, informa que a estrutura é pequena e que basicamente está conformada por 3 técnicos, 1 administrativo que ten contrato ata 2015 e 3 contratos de transferencia cunha duración de ano e medio, polo que finalizan en 2014 (di que se lle enviará información).

O Prof. Rodríguez Berrocal pregunta se o resto dos contratos senior están vinculados ao capítulo I dos orzamentos. Responde o Comisionado do Mar que os contratos están financiados pola Unión Europea nun 80%, e que no caso das becas postdoctorais procede da Xunta de Galicia.

Punto 4. Aprobación, se procede, das declaracións de interese das titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/15, dos criterios para a elaboración das memorias e do procedemento para a solicitude de informe previo de envío a verificación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza a súa intervención recordando o acordo adoptado no Consello de Goberno, celebrado o pasado 7 de maio, onde se aprobou o calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/2015.

Destaca que o mencionado procedemento constitúe unha aplicación da normativa da Xunta de Galicia, en especial o Decreto 222/2011, de 2 de decembro, e a Orde de 20 de marzo de 2012, que desenvolve as especificacións contidas no mencionado Decreto. Engade que tralo trámite da presentación das declaracións de interese, ábrese o período para a elaboración dos correspondentes plans de estudo, memorias económicas e memorias xustificativas. De acordo coa normativa autonómica, estableceuse como data límite de envío da documentación á Consellería de Educación o vindeiro 14 de novembro;

De seguido dá conta das declaracións de interese de títulos de grao presentadas para o curso 2014/2015 e engade que todas teñen o informe favorable da COAP.

Continúa expoñendo as declaracións de interese de títulos de máster universitario. Informa que son sete as propostas presentadas e que as propostas “Innovación en Comunicación Postindustrial” (Facultade de Ciencias Sociais), “Educación” (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte) e “Xestión e Planificación Fiscal” (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) teñen informe desfavorable da Comisión de Estudos de Posgrao por non axustarse ás situacións excepcionais para novas propostas (propostas ligadas a competencias profesionais reguladas de claro interese estratéxico para a institución).

Informa ademáis das catro declaracións de interese de titulacións de doutoramento que foron presentadas e di que todas elas contan con informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao.

En consecuencia, solicita aos membros do Consello de Goberno que emitan informe favorable para todas as declaracións de interese de grao e de máster, salvo as indicadas no apartado de títulos de máster.

No mesmo punto da orde do día, a vicerreitora dá conta da proposta de aprobar un procedemento para a solicitude de informe previo de envío a verificación e para a elaboración das memorias de titulacións de grao, master, e doutoramento a implantar no curso 2014/2015.

Expón que é un desenvolvemento da normativa autonómica citada. Explica os distintos apartados. Sinala en particular, que respecto ao documento entregado coa documentación da orde do día hai unha aclaración por suxestión da Asesoría Xurídica. En concreto, no punto 2 (tramitación) debe precisarse o seguinte: no caso de titulacións de grao, a memoria para a solicitude de verificación e a memoria xustificativa serán aprobadas pola xunta de titulación que corresponda, a non ser nos centros nos que exista unha única titulación, en cuxo caso corresponderá á xunta de centro.

Engade que a memoria económica será elaborada pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, que poderá solicitar os informes que se consideren necesarios aos órganos unipersoais ou colexiados que correspondan.

Ábrese unha quenda de preguntas.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para anunciar o seu voto en contra da declaración de interese do Grao en Enxeñaría Física. Considera que tal declaración de interese xa se presentou no ano anterior, polo que xa se deu cumprimento á sentenza do TSXG; e que, en todo caso, o procedemento adoptado vulnera o establecido no art. 12.2 dos Estatutos. Quere que conste en acta o seu voto en contra.

O reitor infórmalle que o ano anterior quedouse en traballar co obxectivo de facela viable. Doutra banda, contesta que o artigo invocado non é aplicable ao caso, pois refírese á creación, modificación ou supresión de centros e non ao proceso de elaboración de memorias de grao.

Procédese a realizar a votación:

Votos a favor: 30
Votos en contra: 2
Abstencións: 4

Apróbase por maioría (**Anexo II**).

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer constar o seu voto en contra da declaración de interese da titulación de Enxeñaría Física. Ademais, quere expresar que é o seu desexo que se tente solucionar este tipo de conflitos con máis consenso, que eliminen a conflitividade.

Punto 5. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2012.

O reitor dá a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen expón aspectos esenciais do documento contable que consta no anexo, dicindo que trala súa aprobación deberá

ser remitido antes do 30 de xuño a Consellaría de Facenda unha vez aprobado polo pleno do Consello Social.

Sinala que en liñas xerais na execución de orzamento do exercicio de 2012 permite un resultado orzamentario equilibrado, presentase un superávit de 2.000.000 de euros e operacións non financeiras, e que a UVIGO nunca recorreu ao endebedamento bancario. Remata a súa intervención dicindo que hai que seguir nesta liña para garantir a viabilidade futura da institución.

Seguidamente dá a palabra ao xerente que amplía a información recollida no documento acudindo a un soporte informático.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Rodríguez Berrocal anunciando a súa abstención na votación como protesta en base aos seguintes motivos:

- Porque non se procedeu a cubrir a praza vacante na Comisión de Economía e Planificación.

- Porque o documento que se presenta enzalza en exceso a xestión contable realizada, o que considera un exercicio laudatorio fóra de lugar.

- Porque na súa opinión a xestión da universidade é peor por diferentes motivos: concursos públicos con empresas proveedoras que traballan mal, determinadas partidas orzamentarias (VAD, transferencia ou investigación), ábrese máis tarde e péchanse antes.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación preguntando ao Prof. Rodríguez Berrocal sobre cal é a súa opinión sobre a situación económica da Universidade. O profesor responde que “boa”.

Dito iso, o vicerreitor expón que as vacantes da Comisión de Economía e Planificación, segundo se informou a membros do seu grupo, están pendentes de que no Claustro, que terá lugar o próximo 17 de xuño, se celebren eleccións para cubrir as baixas existentes no Consello de Goberno e inmediatamente procederanse a cubrilas; que no entanto lle invita a acudir ás reunións da Comisión de Economía e Planificación onde poderá comprobar que o ambiente de traballo e do máis distendido.

Respecto das valoracións que fai do documento contable: di que recollen os resultados da xestión e os mesmos resultados admiten comentarios dese tipo, que merece a pena dicir que están ben.

Xa en relación a ralentización dos pagos, o vicerreitor afirma que é falso que se estea a producir retrasos nos pagamentos. Di que ao contrario, que se está a pagar máis rápido que nunca. No relativo aos subministros aos que subliminalmente se referiu o Prof. Rodríguez Berrocal, o vicerreitor afirma que, efectivamente, se fixo unha centralización de compras de material de oficina, o que supuxo un aforro de máis de 300.000 euros anuais.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para pedir que conste en acta que solicitou con carácter previo que no actual Consello de Goberno se procedese a cubrir a vacante na Comisión de Economía e Planificación, e que se considerou oportuno pospoñelo.

Intervén o Prof. Armando Caballero para dicir que para obter superávit fanse recortes moi importantes en investigación, e que cada vez teñen menos ingresos.

Responde o vicerreitor de Economía que se están recortando partidas, pero que é unha consecuencia derivada dos recortes en ingresos. Que este debate xa se fixo en anteriores consellos de goberno. Que basta con consultar a evolución do Plan de financiamento do SUG nestes últimos anos para constatar a perda dos mesmos. Pero que nesta situación conseguíuse manter un funcionamento máis que regular da institución.

Apróbase por unanimidade a conta de liquidación do orzamento do exercicio 2012 (**Anexo III**), coa abstención do Prof. Rodríguez Berrocal.

Punto 6. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para estudantes da Universidade de Vigo en situacións de dificultades económicas sobrevidas para o curso académico 2013-14.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que sendo conscientes da complexa situación pola que están a atravesar numerosas familias, considerase oportuno aprobar un fondo de axudas dotado con 30.000 euros, cantidade que podería ampliarse de considerarse necesario, dirixido a paliar as dificultades económicas sobrevidas que lle impidan á alumna ou alumno a continuación dos seus estudos, ben sexa de grao ou de máster.

O vicerreitor di que as axudas, que poderán solicitarse ata o 31 de marzo de 2014, van dirixidas a aquel alumnado que vive circunstancias sobrevidas especialmente complexas, tales como o desemprego do sustentador principal, enfermidade grave, orfandade absoluta, falecemento do pai/nai/titor legal, ruína ou quebra familiar, separación, divorcio..., así como calquera outra circunstancia que, aínda que non estea especificamente recollida nas bases das axudas, se xustifique a súa repercusión na situación socioeconómica familiar.

A contía máxima da axuda por cada alumna ou alumno será de 2000 euros, cantidade na que se inclúe o pago da matrícula, incluídos os posibles recargos a que dese lugar con posterioridade á situación sobrevida.

O vicerreitor di que con esta medida quérese garantir que calquera estudante poida acabar os seus estudos na Universidade, independentemente das circunstancias económicas sobrevidas que poidan afectarlle. Subliñou que esta medida súmase a outras aprobadas anteriormente, como o pago fraccionado da matrícula en seis prazos.

Apróbase por asentimento a convocatoria de axudas para estudantes da Universidade de Vigo en situacións de dificultades económicas sobrevidas para o curso académico 2013-14 (**Anexo IV**).

Punto 7. Aprobación, se procede, das medidas económicas para a xestión académica do curso 2013-14.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que na liña exposta no punto anterior da orde do día, e tamén por cumprir co compromiso adquirido co sector de estudantes, propónse rebaixar dun 20 a un 10 por cento no recargo que se aplica cando a alumna ou alumno se atrasa no pago dalgún dos prazos da matrícula.

O vicerreitor de Economía subliña que a porcentaxe de recargo non ten un afán recadatorio, e que o resto das medidas permanecen igual.

Apróbase por asentimento as medidas económicas para a xestión académica do curso 2013-14 (**Anexo V**).

Punto 8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen expón que solicita autorización para realizar o pagamento sinalado á Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil, para sufragar os gastos de extinción e liquidación, nunha cantidade de 600 euros.

Por outra banda, o xerente solicita autorización para a incorporación dos remanentes de libre disposición dos importes pendentes de ingresar nos departamentos que se relacionan a continuación nas aplicacións orzamentarias do exercicio 2013.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 9. Aceptación, se procede, da herdanza a beneficio de inventario de Dna. María Alicia Crespi.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen expón que segundo o testamento da causante D^a María Alicia Crespi institúe herdeiros a varias persoas ou entidades; entre elas nunha cuarta parte á Congregación de relixiosas de Santa Dorotea e á Normal de Mestras de Pontevedra (hoxe Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte) por metade entre ambas, para os fins e coas condicións que a propia testadora acordase coas institucións.

O xerente dá conta do procedemento e di que procede que o Consello de Goberno tome acordo sobre a aceptación a beneficio de inventario da herdanza de Dna. María Alicia Crespi González, e posteriormente haberá que dar traslado do mesmo ao Consello Social.

Apróbase por asentimento a aceptación da herdanza a beneficio de inventario de Dna. María Alicia Crespi. (**Anexo VII**).

Punto 10. Aprobación, se procede, do Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comeza dicindo que o desenvolvemento das actividades dos grupos de investigación pódese ver facilitado con ferramentas financeiras adecuadas e flexibles para a xestión económica. E que con este fin presenta a proposta para súa aprobación do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación.

Comeza por expoñer que no ano 2010 a Universidade de Vigo estableceu a posibilidade de que os seus grupos de investigación subscribisen contratos-programa; que podían recibir financiamento de diversas fontes e ter unha duración máxima de 3 anos prorrogables. As normas de desenvolvemento do orzamento 2013 da Universidade de Vigo fan referencia, nos seus artigos 12 e 14, á posible apertura de partidas orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un contrato programa, previa autorización da Xerencia a proposta da Vicerreitoría de Investigación, e detallan diversos aspectos relativos á duración máxima, fontes de financiamento e incorporación de remanentes.

A vicerreitora sinala que transcorridos 3 anos desta iniciativa, é necesario revisar o funcionamento desta ferramenta e definir claramente as condicións para a súa apertura e execución, tendo en conta a experiencia acumulada ata o momento e o contexto económico e normativo actual. Para iso preséntase este protocolo, para o desenvolvemento desta ferramenta que pasará a denominarse a partir de agora Programa de Soporte á Xestión Económica de Grupos de Investigación.

A vicerreitora informa que no protocolo se detalla o obxecto do Programa Soporte, así como:

- As persoas destinatarias
- O procedemento e período de solicitude
- A duración, dotación mínima e recursos incorporables
- Os gastos imputables
- Aspectos relacionados coa incorporación de remanentes
- Requisitos de presentación de informes

Por último, expón que adicionalmente se inclúe unha disposición transitoria, que regula a situación dos contratos programa xa existentes, e cuxa vixencia finaliza ao longo do ano 2013 ou seguintes.

Termina a súa intervención indicando que este protocolo foi aprobado na Comisión de Investigación o 6 de xuño de 2013.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Rodríguez Berrocal para solicitar que conste en acta o seu agradecemento polo traballo da vicerreitora de Investigación e a súa especial atención para coas necesidades dos investigadores que teñen aquela modalidade de contratos programa; engade que o seu agradecemento tamén é extensible ao xerente por facilitar o traballo dos profesores. Por último, quere destacar a importancia de que os servizos administrativos encargados da xestión económica entendan correctamente os detalles do protocolo.

A vicerreitora de Investigación responde que co obxecto de facilitar a comprensión, non só polo persoal de administración e servizos senón tamén polos investigadores, estase preparando unha guía explicativa que se poñerá a disposición na web. Ademais, que teñen proxectado realizar sesións informativas respecto diso.

Intervén novamente o Prof. Rodríguez Berrocal para preguntar, en relación coa incorporación de remanentes: se no caso de que un grupo realice un ingreso no programa-soporte no mes de novembro, se incorporaría ao do ano seguinte só o 50%.

Responde a vicerreitora que si, que o que se ten en conta é o ano económico, independentemente do momento do mesmo en que se faga o ingreso. Neste sentido, os investigadores poderán, tendo en conta estas condicións, planificar o momento máis adecuado para os ingresos, en función das súas actividades previstas.

Apróbase por asentimento o Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación (**Anexo VIII**).

Punto 11. Aprobación, se procede, da proposta de modificación das “Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo”, aprobadas no Consello de Goberno de 10 de maio de 2011.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia e Alumnado, quen comeza expoñendo que as vixentes directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster da Universidade de Vigo foron aprobadas no Consello de Goberno do 10 de maio de 2011.

Sinala que as modificacións que se propoñen de cara ao seguimento do curso 2012/13, cuxo calendario se definirá proximamente, pretenden, basicamente, buscar certa flexibilidade e simplificación no procedemento de realización e elaboración dos informes anuais de seguimento.

O vicerreitor expón de forma resumida o procedemento. Di que no centro elaborárase un informe provisional que debe ser aprobado pola xunta de centro ou a comisión na que estean delegadas as competencias; que ese informe debe ser remitido á Área de apoio á docencia e calidade para a súa revisión técnica; a súa función será comprobar que o documento se adapte aos requisitos, tanto da Universidade de Vigo como da ACSUG. Posteriormente, o informe remitirase ao centro de procedencia, onde, se é o caso, coas modificacións precisas debe ser aprobado de novo na súa versión definitiva polo órgano correspondente.

O vicerreitor de Docencia e Alumnado expón que a primeira intención destas modificacións é que a aprobación no centro non sexa necesariamente dobre, senón que unicamente sexa aprobado polo órgano correspondente o informe final, tralas modificacións que, á vista da revisión técnica, sexan necesarias.

Por outra banda, o vicerreitor engade que segundo están redactadas as directrices vixentes, é obrigatorio que todos aqueles informes que non fosen obxecto de avaliación por ACSUG sexan avaliados internamente na universidade. Di que isto é importante no arranque do seguimento, porque todos os títulos tiñan unha resposta ao informe realizado, pero supón un

esfuerzo e uns recursos que agora interesa reconducir. En coherencia con esta idea, a modificación proposta para o apartado 13 das directrices permite unha planificación anual da avaliación interna dos informes, de tal forma que, de ser preciso, se poida centrar só nos títulos que, non sendo avaliados por ACSUG, precisan de especial seguimento; cita como exemplos, aqueles títulos que dentro dun ciclo entre acreditacións non foron aínda avaliados externamente, ou aqueles títulos que sufriron modificacións na súa memoria, ou aqueles títulos que han ter valoración non conforme en seguimentos anteriores, ou recibiron recomendacións para a renovación da súa acreditación.

Apróbase por asentimento a proposta de modificación das Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo, aprobadas no Consello de Goberno de 10 de maio de 2011. (**Anexo IX**).

Punto 12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Inorgánica.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que, de acordo coa información achegada, o regulamento foi aprobado polo Consello de Departamento de Química Inorgánica con data do 26 de abril de 2013; que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal somete a normativa a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Inorgánica (**Anexo X**).

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de La Guajira* (Colombia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Nacional Agraria Mykolayiv (Ucrania) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Nacional Agraria Mykolayiv (Ucrania) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo para o recoñecemento mutuo de estudos en: *Gestão de Políticas Públicas (Universidade de São Paulo)* e Dirección e Xestión Pública (Universidade de Vigo) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (E.U. de Estudos Empresariais) e a *Hochschule Bochum (Fachbereich Wirtschaft)* para a obtención da dobre titulación: Grado en Comercio e *Bachelor of Arts: International Business and Management* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Pau et des Pays de l'Adour* (Francia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Sul de Minas Gerais-IFSULDEMINAS*-(Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *IFSULDEMINAS* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional del Litoral* (Arxentina) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 14. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para preguntar pola sentenza ditada por lo TSXG, que estima parcialmente o recurso de suplicación interposto contra a sentenza do xulgado do social Núm. 3 de Vigo, e que declaran o dereito dos recorrentes a percibir a paga de xuño e decembro dos anos 2007, 2008 e 2009; quere saber se van recorrer ou a executala.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que se está estudando polos servizos xurídicos da universidade.

Ábrese un debate sobre o contido e implicacións da sentenza entre o vicerreitor e o Prof. Jaime Cabeza.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar pola auditoría á que fixo referencia o reitor no seu informe e se preguntan sobre investigación.

O reitor respóndelle que a fiscalización tamén se entende á investigación, dando detalles sobre o cuestionario (número de grupos de investigadores, número de proxectos, importes, sexenios, patentes etc.)

Intervén de novo o Prof. Armando Caballero para preguntar sobre a redución de retribucións; que o feito de que recaia no complemento autonómico de produtividade provoca un efecto desalento nos profesores e profesoras que máis traballan. Engade se se terá en conta o número de membros da unidade familiar para facer as reducións de ingresos.

Responde o vicerreitor as partes do salario que se verán afectadas, pero que se aplica a táboa recollida no Decreto de confección de nóminas da Xunta de Galicia, e na citada táboa non se contemplan os criterios aos que fai referencia.

Intervén o Prof. Rodríguez Berrocal para rogar que se cubra a vacante no próximo Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que quere depositar en acta un documento entregado polo presidente do Comité de PDI Laboral e asinado por varios profesores, no que amosan o seu rexeitamento ás reducións salariais, (**Anexo XI**).

Engade, en representación do sindicato UGT, que considera que o número de persoas que asinan o documento é importante, pero que tal vez con outro tipo de redacción e formulación o colectivo de persoas firmantes sería máis numeroso. Que as recomendacións efectuadas pola Xunta de Galicia son só pautas, que todo leva a que colectivos moi atacados, como son os profesores e profesoras, se lles suprima o complemento de produtividade. Solicitan a volta á mesa de negociación para establecer un plan ou estratexia para reemplazar o complemento de produtividade, e para mellorar as canles de comunicación actualmente existentes.

Responde o reitor agradecendo a súa lealdade institucional; que se poñerán propostas encima da mesa. Que considera que a resposta lóxica ás reducións salariais é a indignación mostrada por todos e todas as asinantes do documento como polo resto de comunidade universitaria. Que no Claustro, que terá lugar ou día 17, deixará claro que o pagador é a Xunta de Galicia, que mediante lei obriga a facer recortes e logo se descolgue cunhas recomendacións

ou criterios interpretativos. Solicita aos sindicatos facer unha fronte común para recuperar posicións.

Intervén o Sr. Federico Fernández para depositar en acta o documento (**Anexo XII**) e para pedir que os cartos que se descontaron nas folgas se destinen a dotar unha bolsa económica, cuxo obxecto sexa favorecer ao alumnado con problemas económicos.

Intervén o Sr. Xan Cebro, di que sen prexuízo do que expoña no próximo Claustro, solicita ao equipo de goberno que faga o posible por reducir o impacto das rebaixas salariais. Critica que a Xunta detraia as achegas e despois non saiba como aplicar a lei, posto que descoñece a pluralidade normativa que rexe a masa salarial dos diferentes colectivos da Universidade. Critica especialmente: que a rebaixa salarial afecte ao complemento de antigüidade do PAS funcionario, aprobado por un acordo de Consello de Goberno no ano 2007, que esa redución é inxusta porque afecta aos que menos cobran na universidade, tamén rexeita que a rebaixa afecte aos investigadores pagados con cargo ao Capítulo VI; que non debería descontarse a persoas que cobren menos do 1,5 do salario interprofesional.

Responde o reitor que están estudando entre as tres universidades adquirir ese compromiso.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 13 de xuño de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

M^a Inmaculada Valeije Álvarez